| | | ▪ SLEB.3.7 | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses. | 80% |

| Bloque de contidos | | | | Estándares de aprendizaxe avaliables /Indicadores de logro (1) | |
|---|---|---|---|---|---|

| | Identif. criterios | Identific Estándar | Competencias clave | **Estándares de aprendizaxe** | Grao mínimo de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| B.4.1<br>B.4.2<br>B.4.3 | B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.<br>▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.<br>▪ B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adecuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.<br>▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral. | ▪ SLEB.4.1. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambiainformación e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo. | 100% |
| | | ▪ SLEB.4.2. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán. | **80%** |
| | | ▪ SLEB.4.3. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía. | 100% |
| | | ▪ SLEB.4.4. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto. | 80% |
| | | ▪ SLEB.4.5 | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descricións e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía). | 100% |

| **Bloque de contidos** | **Estándares de aprendizaxe avaliables /Indicadores de logro (1)** |
|---|---|

| | Identif. criterios | Identific Estándar | Competencias clave | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|---|---|
| B.5.1<br>B.5.2<br>B.5.3<br>B.5.4<br>B.5.6<br>B.5.7 | ▪ B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.<br>▪ B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.<br>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. | ▪ SLEB.5.1. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. |
| | | ▪ SLEB.5.2. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. |
| | | ▪ SLEB.5.3. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. |
| | | ▪ SLEB.5.4. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. |
| | | . SLEB.5.5 | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia. |

| **Bloque de contidos** | **Estándares de aprendizaxe avaliables /Indicadores de logro (1)** |
|---|---|

| | Identif. criterios | Identific Estándar | Competencias clave | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|---|---|
| B.5.1<br>B.5.2<br>B.5.3<br>B.5.4<br>B.5.6<br>B.5.7 | ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.<br>▪ B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar. | . | | |

**LENDA COMPETENCIAS**

**CCL** **Comunicación lingüística**

**CMCCT** **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía**

**CD** **Competencia dixital**

**CAA** **Competencia aprender a aprender**

**CSC** **Competencias sociais e cívicas**

**CSIEE** **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

**CCEC** **Conciencia e expresións culturais**

**LENDA TRANSVERSAIS**

**CL** **Comprensión lectora**

**EOE** **Expresión oral e escrita**

**CA** **Comunicación audiovisual**

**TIC** **Tecnoloxías da información e comunicación**

**EMP** **Emprendemento**

**EC** **Educación cívica**

**PV** **Prevención da violencia**

**(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)**

**(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,..**

## 3. Metodoloxía didáctica

### a) Estratexias metodolóxicas

Os alumnos de bacharelato posúen unha serie de competencias imprescindibles para a aplicación dos saberes adquiridos que foron desenvolvidas ao longo do seu proceso de aprendizaxe. O traballo está baseado no uso da lingua como motor de comunicación .Neste enfoque comunicativo, a selección de contidos lingüísticos deriva directamente da actividade que se vaia realizar. Os contidos introduciranse en función das necesidades do proceso de aprendizaxe. O traballo previo do vocabulario, das estruturas e dos contidos socio-lingüísticos, a reflexión sobre as estratexias de comunicación e aprendizaxe axudan a reproducir na clase as situacións de uso en contextos auténticos. Os alumnos deberán manexar as estruturas gramaticais e conectores do discurso, así como un léxico máis especializado, un certo perfeccionamento na pronunciación e unha certa corrección ortográfica.
Para acadar estes obxectivos traballaremos as catro destrezas importantes na aprendizaxe dunha lingua estranxeira:

A comprensión oral por medio de audicións, exercicios de escoita , películas en versión orixinal subtituladas, etc....
A expresión oral , por medio de diálogos, debates entre compañeiros, exposición dun tema ou dunha opinión persoal etc...que lles permita aplicar os seus coñecementos lingüísticos( o vocabulario , contidos morfosintácticos) e os coñecementos socio-culturais e utilizar a lingua estranxeira como un instrumento de comunicación.
A comprensión escrita por medio de textos do libro e doutros de interese aportados polo profesor: xornalísticos, literarios etc..., que traten temas coñecidos e cun propósito comunicativo.
A expresión escrita que lle permite ao alumno reflexionar e poñer en práctica o aprendido, utilizando mecanismos de coherencia, claridade e cohesión, unha certa corrección gramatical e o léxico axeitado

Todo isto irémolo facendo dun xeito progresivo e continuado, facendo fincapé nos aspectos que resulten máis complicados e insistindo nos coñecementos anteriormente adquiridos e afondando en temas culturais que lles axuden a comprender a realidade social e a entender as diferenzas culturais.

### b) Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que, na maioría das veces, se basean en soportes escritos ou audiovisuais.
Normalmente utilizaremos a aula do curso correspondente asignada pola Xefatura de Estudos e cando o profesor o precise faremos uso da aula de idiomas, aula de informática, a biblioteca ou unha aula dotada con pantalla e proxector.

Libros de texto

Libro de texto: Passerelle 2 ( Ed. SM)
Libro dixital
*Cahier d´exercices*
CD audio,
DVD de secuencias didácticas
Outro material
O profesor pode utilizar a maiores calquera outro tipo de documentos ou información que complemente os libros de texto tales como:
Documentos auténticos (prensa, *brochure*s, billetes, planos , etc...)
CDs (de actualidade, culturais, etc...)
Material multimedia
Material de internet, chats, foros, blogs
Xogos, cancións , películas etc...
Libros de lectura.

## 4. Avaliación inicial

### a) Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase nas primeiras semanas do curso académico. O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores á media do grupo. Dita información servirá ó profesorado para programar as adaptacións necesarias, así coma as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.

O método para obter a devandita información será mediante a observación do alumnado na aula

### b) Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)

Non se contemplan nesta materia, xa que segundo a lexislación vixente non son necesarios.

## 5. Avaliación continua

### a) Procedemento para a avaliación continua

**5.a.1. Criterio de corrección e de valoración de exames**

Realizarase a lo menos un exame por avaliación, **cun valor do 70% da nota**
Cada proba constará das seguintes partes:

- Unha actividade de comprensión oral, relacionada co tema, vocabulario e estruturas traballadas nesta unidade
- Actividades de produción escrita ( situacións, diálogos,preguntas e respostas e outras)
- Actividades de gramática e léxico (exercicios para completar, exercicios con ocos etc...)
- Actividades de comprensión escrita (preguntas sobre un texto, preguntas de verdadeiro/ falso etc...

Nas probas farase constar o valor de cada cuestión ou parte da mesma
Se se realizan dous exames farán media para a nota da avaliación. Non se contabilizarán a efectos de aprobado os exames que teñan unha nota inferior a 3 puntos.
Será avaliación continua , se ben os exames de segunda e terceira avaliación non incluirán exercicios específicos de avaliacións anteriores.
Para obter a nota global de cada unha das avaliacións teranse en conta as porcentaxes asignadas a cada parte*. Unha vez obtida a nota numérica final, se esta non fose exacta , procederase a efectuar un redondeo, que será á alza se o decimal é igual ou superior a 0´50 e á baixa se o decimal é inferior a 0`50, é dicir, farase por aproximación ao número enteiro máis cercano.*
Os alumnos non poderán sacar da aula os exames nin ningunha anotación
O feito de ser sorprendido copiando durante a realización dun exame suporía para o alumno en cuestión ser avaliado negativamente nese trimestre

**5.a.2 . Criterio de corrección e de valoración de exercicios**

- Os exercicios realizaranse na casa e na clase. Son actividades do “ *cahier d´activités*”e outros realizados no caderno
- Valorarase a realización das actividades e a limpeza
- Os traballos ou exercicios que se realicen na casa deberán ser presentados na data fixada. Suporán un 10% da nota. Non acadarán este punto aqueles alumnos que teñan máis de tres faltas de traballo.

**5.a.3 Corrección e valoración de probas orais**

A participación e a expresión oral ten unha gran importancia nunha lingua estranxeira. O alumno ten que tentar empregar unha linguaxe comprensible durante o desenvolvemento das clases, prestando atención á pronuncia, entoación e fonética
Valorarase cun 10 % da nota.

**5.a.4 . . Valoración das actitudes**
Na valoración da actitude teranse en conta aspectos como o comportamento e a puntualidade ou hábitos que denoten unha actitude positiva cara a materia, como traer a cotío o material de traballo ( libro, cahier, fotocopias ....), así como a participación, entre outros. Serán cualificados cun 10% da nota global.
Non acadarán ese punto aqueles alumnos que teñan máis de tres faltas de comportamento.

**b) Instrumentos de avaliación e critérios de corrección de exames**

| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|
| **Probas escritas** | A avaliación ha de ser continua, baseada na observación dos alumnos. As probas que determinan se se alcanzaron os obxectivos non deben marcar unha ruptura na actividade de aprendizaxe senón ao contrario, deben considerarse unha actividade máis no proceso de aprendizaxe.<br>Realizaranse unha ou dúas probas escritas por avaliación. |
| **Traballos individuais** | Os exercicios e traballos realizaranse na casa e na clase. |
| **Traballos en grupo** | Hai moitas actividades de grupo, preparación de conversas, diálogos etc. Traballos e resumes de películas, traballos sobre buscas en internet..., que se realizan de forma habitual na aula ou na clase |
| **Probas orais** | A participación e a expresión oral ten unha gran importancia nunha lingua estranxeira. O alumno ten que intentar empregar unha linguaxe comprensible, prestando atención a pronuncia, entoación e fonética |
| **Traballo na aula** | Realizaranse actividades na aula de forma habitual. Será obrigatorio o uso do material na clase: caderno,libro,dicionario, fotocopias....<br>Realizaranse traballos con carácter individual e outros en grupo que serán presentados oralmente e/ou por escrito |
| **Observación e rexistro** | Só se lle repetirá un exame ao alumno que faltase se este presenta un xustificante oficial das causas da súa ausencia. |

## 6. Avaliación final

### a) Quen debe ir á avaliación final

A final de curso obterase a media das tres avaliacións sen ter en conta o redondeo e sempre que non obtiveran unha cualificación inferior a 3 nalgunha das avaliacións. Os alumnos que non acaden como mínimo un 4'51 terán dereito a un exame de recuperación final.

### b) En que consistirá a proba?

O alumnado que só teña suspensa unha avaliación, examinarase unicamente da materia específica da mesma. Se ten suspensas dúas ou máis, o exame incluirá materia específica de todas as avaliacións.

### c) Como se elabora a cualificación final?

A cualificación final obterase do seguinte xeito: 80% da nota do exame final máis o 20% da nota que tivese na (s) avaliación(s) que agora pretende recuperar.

### d) A avaliación final en caso de perda do dereito a avaliación continua?

Os alumnos/as perden o dereito a avaliación continua no caso de abandonar a asignatura e neste caso aplicarase o PROTOCOLO DE ABANDONO aprobado no centro e que figura no Proxecto Educativo. Segundo este protocolo considérase abandono se:

- O alumno/a non realiza as actividades ou traballos na clase, a pesar de ter actividades axeitadas ó seu nivel de competencia curricular.
- Non trae o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades.
- Entrega os exames en branco de forma reiterada.
- Manifesta verbal e explicitamente o abandono da materia.
- Houber absentismo escolar sen xustificación.

Actuación por parte do profesor:

1.- O profesor informará o titor da actitude do/a alumno/a na materia e tratará de falar cos pais deste feito, explicándolles as consecuencias que dita actitude pode ter. Tamén se informará a Xefatura de Estudos de tal circunstancia.

2.- O terceiro aviso do profesor considerase que xa hai abandono.

O final do curso realizarase un Exame Final da materia, que será fixado pola Xefatura de Estudos. A esta proba deberá presentarse o alumno/a que perda o dereito á avaliación continua.

## 7. Avaliación extraordinaria

### a) Criterios de cualificación

A proba extraordinaria de setembro será similar á global de xuño, en canto a nivel de contidos e tipo de exercicios. Na convocatoria de setembro o alumnado non deberá realizar a proba de expresión oral. A cualificación da avaliación extraordinaria será a nota do exame redondeada polo mesmo sistema exposto anteriormente.

Este exame será o mesmo para todo o alumnado que curse este nivel, e será confeccionado por todos os membros do Departamento que imparten dita asignatura.

**b) Procedementos e instrumentos**

| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|
| **Proba escrita** | 1 proba escrita na que se avalía toda a materia da asignatura. A data da mesma será fixada pola Xefatura de Estudos. |

## 8. Materia pendente de cursos anteriores

Non existe

### b) Procedementos e instrumentos de avaliación

### c) Criterios de cualificación

## 9. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

É necesario que o profesor leve a cabo un control do seu traballo para comprobar a eficacia do mesmo, valorando a súa relación coa labor docente, co alumno/a e coa materia. Os indicadores de logro se recollen nos dous seguintes cuestionarios, que se cubrirán ao final do curso e incorporaránse na memoria do Departamento.

### a) Proceso de ensino

| Proceso de ensino: | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE? | | | | |
| 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |

## b) Práctica docente

| Práctica docente: | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc? | | | | |
| 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares | | | | |
| 14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliaciÓn,..  ? | | | | |

## 10. Avaliación da programación didáctica

- Reunións de departamento, nas que se analizará o grao de avance na materia en relación á programación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativos do alumnado.
- Memoria de final de curso, onde se reflexarán os contidos impartidos da programación anual, cambios propostos na mesma para sucesivos cursos ou problemas á hora de poñer en práctica o acordado na mesma.
- Ademais, darémoslle resposta ao seguinte cuestionario ao final de curso e incorporarémolo á memoria do Departamento:

| Mecanismo de avaliación e modificación de programación didáctica | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

## 11. Atención a diversidade

As diferentes personalidades e as diferentes formas de aprender de cada alumno crean rapidamente diferenzas palpables dentro de cada clase.O feito de que o ensino obrigatorio acolla a tódolos alumnos con niveis de francés e costumes moi diferentes fai indispensable dispor de ferramentas útiles e eficaces. Trátase de que a diversidade se converta en riqueza e que os diferentes niveis converxan.
Propoñemos varias posibilidades

Traballo de varios grupos en paralelo a partir de actividades propostas con axuda de fichas propoñendo estratexias diferentes máis ou menos complexas, mostrándolle ós alumnos que os diferentes niveis se completan en lugar de opoñerse e que esta diversidade se converta en elemento de reflexión para aprender a aprender

Propoñemos tamén un tratamento da diversidade a través de actividades de expresión oral ou escrita libre ou semi-libre, e en grupos ou subgrupos

Pequenos esquemas sobre aspectos claves de gramática

Insistencia no traballo da expresión escrita et da redacción

Reforzo nos aspectos orais insistindo en situacións figuradas, conversacións sobre un tema concreto ou por medio de debates

## 12. Actividades complementarias e extraescolares

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é unha tarefa que non debe limitarse a actividade cotiá na aula. Por iso o seminario de francés se propón unha serie de actividades que estimulen a aprendizaxe, que completen a tarefa formativa e que sirvan para mostrar a utilidade do esforzo realizado polos alumnos no seu proceso de aprendizaje

Intercambio escolar. Hai moitos anos que o departamento de Francés leva a cabo de xeito ininterrumpido un intercambio escolar de alumnos de francés con alumnos de español dun *lycée* francés de *Chatellerault, no departamento de Poitou* . Entre outras actividades propoñemos:

Saída a Ourense para ver a representación dunha obra de teatro.

Actividades culturais sobre o Nadal, La Chandeleur, la Toussaint, la Saint Valentain, etc  no instituto.
Intercambio de cartas con alumnos de países francófonos. Esta labor levámola facendo  hai varios anos e contamos continuar a actividade neste curso dado que desenvolve a comprensión e expresión escrita, permite coñecer outras persoas e intercambiar opinións con persoas da súa mesma idade

Achegar o alumnado ás novas tecnoloxías na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: chats, internet..acilitándolle enderezos de alumnos, entre outros os dos alumnos cos que máis tarde van facer o intercambio e que van coñecer

Películas en versión orixinal con subtítulos en francés

## 13. Constancia de información ao alumnado

O  profesor destinará unha sesión a principio do curso para informar ao alumnado da programación da materia.

O alumnado ten a posibilidade de consultar a programación didáctica en calquera momento. Esta dispoñibilidade pode ser de dúas formas:

- Previa petición o profesor da materia ou o Xefe do Departamento. Para elo, o seminario posuirá unha copia por escrito da programación didáctica.
- Por arquivo electrónico. Para elo, o centro dispón dunha páxina web dende a que se pode descargar a programación didáctica, aportada polo seminario, para a súa consulta.

## 14. ADDENDA . Covid 19

### 1. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

A materia obxecto desta programación non ten unha vinculación directa coas materias que se lle impartiron a este alumnado no curso 2019/20, a efectos de determinar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

### 2. Transición ao ensino non presencial, se fose necesario: actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial

- **Metodoloxía didáctica**

Durante os primeiros días de clase, en setembro, promoveranse accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino semipresencial ou a distancia. Do mesmo modo, facilitaráselle ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matricule no curso da materia obxecto desta programación. Garantirase que o alumnado coñeza o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

No caso de ter que realizar unha actividade lectiva semipresencial ou a distancia, impulsaranse metodoloxías activas axustadas ás necesidades concretas do alumnado e grupo que fomenten no

alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora e. O uso de recursos tecnolóxicos serán a base para continuar co proceso formativo, desenvolvendo no alumnado actuacións que contribúan a que adquira as competencias clave e os obxectivos de curso fixados para esta materia.
*De maneira xeral, realizaranse as seguintes actividades:*

- *Control da asistencia ás clases virtuais.*
- *Explicación da parte teórica de cada tema a través da aplicación Cisco Webex Meetings.*
- *Resolución por parte do profesorado de exercicios de cada tema tamén en clases virtuais.*
- *Resolución por parte do alumnado de exercicios de cada tema.*

Durante este período de ensino semipresencial ou a distancia realizaranse actividades de recuperación, repaso e reforzo de aqueles estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles impartidas mentres houbo actividade lectiva presencial e, de ser o caso, traballaranse aqueles aprendizaxes imprescindibles da materia e curso actual que non puideron ser impartidos de forma presencial.

## 3. Procedementos e instrumentos de avaliación na actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial

***ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL***

Tendo en conta que na actividade lectiva semipresencial o alumnado acudirá con certa regularidade ao centro, a programación didáctica para a actividade lectiva presencial é válida para esta modalidade coas modificacións que se indican a continuación.

No caso de que unha parte do alumnado dun grupo estea no centro uns días e outra parte na casa, nas sesións presenciais incidiríase fundamentalmente nas aclaracións de aspectos teóricos mentres que a práctica faríana os días que estiveran na casa. De ser o caso, facilitaríaselles material a través da aula virtual para reforzar as explicacións cando estean nos seus domicilios. O alumnado que non asista ao centro realizará de forma preferente actividades de tipo práctico en distintos soportes. Estes tamén poderán mandar as dúbidas no horario que lle correspondería á materia de forma presencial a través do medio indicado polo profesorado e serán atendidas á maior brevidade posible segundo a súa dispoñibilidade horaria.

O traballo realizado polo alumno/a na casa serán consideradas actividades da avaliación que se incluirán no 20% da cualificación correspondente ao trimestre. Non se aceptarán traballos fóra do prazo indicado ou por outros medios que non sexan os precisados polo profesorado. Todas as probas e traballos esixidos serán de carácter obrigatorio.

Polo tanto a cualificación de cada avaliación, no caso da actividade lectiva semipresencial, calcularíase do seguinte xeito:

- Probas escritas (exames presenciais)…………………... 70% da nota
- Actividades (na aula e no domicilio)..................................20% da nota
- Actitudes (da actividade presencial unicamente)...............10% da nota

***ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL***

No caso de que o alumnado non poda asistir ás clases durante todo un trimestre non se poderían facer exames presenciais nin se tería en conta a actitude do alumnado. A avaliación faríase tendo en conta única e exclusivamente as tarefas realizadas na aula virtual moodle do centro. Ditas actividades serían avaliadas cada unha delas por parte do profesor e o alumnado poderá coñecer a súa nota a través do caderno de cualificacións de moodle

Polo tanto a cualificación de cada avaliación, no caso da actividade totalmente non presencial, calcularíase do seguinte xeito:

Actividades (tarefas e probas na aula virtual moodle)...................100% da nota

No último mes do curso proporanse tarefas de recuperación, no caso de alumnado con algunha avaliación suspensa, dada a imposibilidade de poder facer un exame presencial no mes de xuño para

recuperar as avaliacións pendentes, como así está recollido na programación. Destas tarefas avisaráselle ao alumnado que teña que facer as recuperacións coa debida antelación e cos prazos de entrega que terán que respetar. No caso dos alumnos que teñan que facer as tarefas de recuperación, a cualificación final calcurase do seguinte xeito: 80% da nota das tarefas de recuperación máis o 20% da nota que tivese na avaliación que agora pretende recuperar.